

Marco recupera a memoria da muller republicana

Arroupada por Barbantia, presentou o libro sobre a vida de Teresa Alvajar

MONCHO ARES
RIBEIRA / LA VOZ

Se houbo un colectivo republicano esquecido e silenciado ese foi o feminino. Pero a noísea Aurora Marco leva tempo afondando naquelas mulleres e un dos froitos das súas investigacións é o libro *Memorias dunha republicana*, de María Teresa Alvajar López. *Memorias dunha republicana*, non que a tamén profesora universitaria transcribe as vivencias desta coruñesa, contadas pola propia protagonista que ten 91 anos e pertenceu a unha familia de seis membros —os pais catro fillos— que viviron a república en primeira fila, e logo sufriron as consecuencias da Guerra Civil que, a causa do exilio, os separou de tal forma que nunca volveron a estar todos xuntos.

En Rianxo celebrouse a cita mensual de Barbantia coincidindo con que na vila celébranse os actos na memoria de Castela. E o ilustre e inesquecible galeguista tivo o venres un dobre protagonismo, o da conmemoración do seu nacemento, que o 30 deste mes celébrase o 127 aniversario, e a estreita relación que tivo coa familia Alvajar López coa que coincide na Coruña, Madrid, Valencia, Barcelona... incluso foi pai de vós dunha filla.

As coincidencias existen, unhas, organizadas, e outras

casuais, e non foi casual que o presidente da Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza, Xoán Hermida, dedicase a súa intervención a falar da procedencia de María Teresa Alvajar, duns pais cos que viviu de preto a república, cos que marchou a Soria cando seu pai foi nomeado gobernador, feito que, segundo dixo, salvounos dunha morte segura.

Afecto por Castela

Aurora Marco sinalou que días antes díxolle a Teresa Alvajar que viña a Rianxo, o que encheu de ledicia á muller pola relación familiar que tivo con Castela. E foi casualidade que no mes de maio, na celebración das Letras Galegas na torre de Goñins, *mostrara unha escultura de Castela*, feita por Che Tembrea, que inauguraba exposición o mesmo venres e formaba parte da mesa, para regalárla a Teresa Alvajar. E para redondear as coincidencias que se deron no acto de Rianxo, tanto Aurora Marco como o alcalde, Adolfo Muíños, explicaron que foron profesora e alumno cando o rexedor estudaba Maxisterio en Santiago, e Marco confesou que Muíños foi un bo estudante.

O frío do auditorio veuse compensado ca calor humana e a música dos rianxeiros Antón Alcalde e David Galbán, á percusión e o piano.



Tembrea, Hermida, Marco, Muíños e Laíño durante a presentación do volume. CARMELA QUEIROGA

CRÓNICA EXPOSICIÓN DE CHE TEMBREA

A maxia de converter en arte o refugallo

X. NOAL RIBEIRA / LA VOZ

Dentro dos actos conmemorativos do nacemento de Castela, o venres pola noite tamén abriuse ao público no auditorio de Rianxo unha exposición de traballos do artista de Taragoña Che Tembrea setenta obras que se poden considerar esculturas e que teñen a peculiaridade de estar feitas de refugallo de ferro e madeira, materiais que tiveron outra utilidade e aos que Tembrea dá-lle unha segunda vida converténdoo nun arte peculiar.

Xesús Santos fixo a presentación da exposición. Explicou como para empaparse da labor de Che Tembrea visitou o seu taller e atopouse con ferro por todas partes, porque Tembrea, que tamén é ferreiro, de aí a súa re-

lación con este metal, reutiliza fociños, sachos, eixadas inservibles para convertelos en figuras feitas á súa semellanza, en viñetas de Castela, en personaxes coñecidas ás que da un toque persoal... e ponos sobre un fondo de madeira de carballo ou de castaño que xa foi usada como porta, como mesa. Todas as obras teñen un toque de galegaldade, porque Tembrea é un histórico nacionalista rianxeiro que transmite o seus sentimentos ás súas obras.

O ferro fala galego

Santos sinalou que «o ferro fala galego con Tembrea, é dócil con el». Explicou que o artista tempera o metal na terra, para que enfrie lentamente e que é deste xeito como consegue a doci-

lidade para converter o ferro en obras de arte peculiares. Sobre Tembrea, o actor explica que é un artista autodidacta, «xaí que sabelo ler entre liñas, fai arte da chatarra».

As verbas de Xesús Santos facíanse realidade ao percorrer o auditorio e observar con detenemento as setenta creacións que integran a exposición. O Tembrea, como dixo o alcalde, ten moitas obras máis, pero non caberían nas instalacións nin as paredes aguantarían tanto peso. Adolfo Muíños, definiu moi graficamente como é Che Tembrea, só con estreitalle a man «transmite como unha corrente que nos fai comprender que son as mans dunha persoa traballadora, honesta e honrada. Estes son os verdadeiros artistas».